

# Semana 4-8 Maio

**LUNS 4**

RETO  
DE  
CIENCIA  
Experimento

**MARTES 5**

LÓXICA  
MATEMÁTICA

**MERCORES 6**

RETO  
DE  
COCIÑA

**XOVES 7**

RETO  
DE  
MOVEMENTO

**VENRES 8**

RETO  
DE  
INGLÉS



# Luns 4

## RETO DE CIENCIA

### EXPERIMENTO: CONTAMINACIÓN NO MAR

Para conseguir o **RETO** de hoxe segue estes pasos:

- 1º OBSERVA
- 2º FORMULA HIPÓTESES (despois de observar os materiais, que cres vai pasar neste experimento?)
- 3º LEVA A CABO O EXPERIMENTO ([enlace](#))
- 4º OBTÉN RESULTADOS. ([enlace](#))
- 5º CONTRASTA HIPÓTESES (compara o que pasou co que creías que ía suceder)
- 6º PENSA que sucedería si utilizas outro reactivo (auga, coca-cola, aceite,...), podes probar a ver que pasa...

### MATERIAIS



- Concha de mar ou crustáceo
- 1 vaso
- Vinagre

No seguinte enlace podedes ver un vídeo interesante sobre como o cambio climático está a afectar no noso mar: <https://www.youtube.com/watch?v=HhGAH8XDeXg>



# Martes 5



## RETO DE LÓXICA-MATEMÁTICA

O RETO de hoxe consiste en construír figuras xeométricas con palillos de madeira e plastilina. Só precisas:

- **Palillos:** poden ser de manualidades, de dentes, de brocheta... Depende do tamaño que lle queiras dar ás túas figuras xeométricas! Necesitas cortalos todos da mesma medida, para que as figuras queden regulares, fan falta algúns máis pequenos para formar os rectángulos, o resto iguais.
- **Plastilina:** podes empregala das cores que queiras. Se non tes plastilina na casa, podes intentar facela caseira. Pica neste enlace para facer a túa propia plastilina: [RECEITA PARA FACER PLASTILINA CASEIRA](#)
- **Imaxinación:** coa túa imaxinación podes crear calquera cousa que se che ocorra!

*\*Consello :* empeza por figuras de dúas dimensións para empezar a familiarizarte (as boliñas son os vértices, e os palillos os lados da figura) e a medida que as vaías manexando ben, podes pasar a facer figuras de tres dimensións, e con elas crear casas, barcos, naves... Dádelle vida aos vosos Playmobil ou bonecos e create novos minumundos para eles!

Encantaranos ver as vosas propostas!




# MÉRCORES 6

## RETO DE COCIÑA: FRUTIMONSTER

O reto de hoxe consiste en ser cociñeiros e elaborar esta receita de frutimonster.

### INGREDIENTES:

- 3 paus de brochetas.
- 1 mazá.
- 1 plátano.
- 3 ou 4 uvas.
- 1 loncha de queixo.
- Pepitas de chocolate.
- 3 pauciños de pan.



### ECOCONSELLO:

Podes empregar a monda de plátano como abono para as túas plantas. Corta a monda en anacos pequenos e entérraa na maceta. O plátano aporta potasio, magnesio e fósforo.

# Xoves 7

## RETO DE MOVEMENTO

No reto de hoxe plantexamos unha **competición** entre toda a familia! Consiste en **contabilizar o número de veces que cada membro da familia sobe e baixa as escaleiras** da casa. Se non tedes escaleiras, elixide outra zona de movemento como percorrer o corredor, ir dende a cociña ata a habitación... Para isto:

- 1º. Debuxade unha táboa nunha pizarra, nun papel ... co nome de todos e todas que vivides na casa.
- 2º. Acordade entre toda a familia o premio que terá o gañador ou gañadora: elixir unha película para disfrutar nunha sesión de cine, decidir o menú do xantar ...
- 3º. De cada vez que subas e baixes as escaleiras, fai unha raia na táboa. Olló! Tes que **SUBIR e BAIXAR** as escaleiras para poder anotar unha raia! Non vale con anotar si só subes ou si só baixas!
- 4º. Ao final do día, facede o reconto para saber quen é o gañador ou gañadora!

NOME	NÚMERO DE VECES QUE SUBO E BAIXO AS ESCALEIRAS.
MAMÁ	II
IRMÁ	IIIIIIII
IRMÁ	III
PAPÁ	I

Unha viaxe de 15 segundos  
no ascensor consome o  
mesmo ca unha bombilla de  
60 vatios durante unha hora.

**Ecoconsello:** Utiliza sempre que poidas as escaleiras e non o ascensor!  
Ademais de facer deporte e gañar en saúde, estás coidando o planeta ao aforrar a enerxía que se precisa para facer funcionar o ascensor.



# Venres 8

## RETO DE INGLÉS

O 17 de maio celébrase o Día Mundial da Reciclaxe para recordarnos a necesidade de separar e tratar os residuos durante todo o ano. É por iso que este reto de inglés vai de...  
**RECICLAXE.**

Para conseguir o RETO de hoxe téis que:

Aprender unha canción moi fácil en inglés que nos enséña a reciclar poñendo cada material, *paper (papel), glass (vidro), plastic (plástico), food (comida)* no contedor (*bin*) correspondente. Premendo na seguinte ligazón accederás ao vídeo coa canción:

<https://youtu.be/Q53kNmxTqPw>



PLASTIC    GLASS    FOOD    PAPER

Para os nenos de EI, a segunda parte do reto consistirá en dicir de que cor é o contedor no que vai cada material. Por exemplo: *Paper - blue bin, glass - green bin, plastic - yellow bin, food (comida) - brown / black compost bin* (os composteiros poden ser de distintas cores). Se gravas unha frase e a envías aos whatsApp das escolas, o reto quedarache de dez! Podes acompañar a gravación con un debuxo.



Se eres de primaria terás que pensar, escribir e dicir un ou dous obxectos que poidan ir en cada contedor. Por exemplo: *apple - compost bin, newspaper - paper bin,...* Se non sabes a palabra en inglés podes buscala nun dicionario en Internet. A seguinte ligazón levarate a un moi fácil de usar: <https://www.wordreference.com/es/translation.asp?tranword=apple>

Só tés que escribir a palabra en castelán no recadro e darlle a buscar na lupa, abaixo aparecerá a palabra en inglés. Para escoitar a palabra en inglés tés que escribila no recadro de búsqueda en inglés e *clickar* no símbolo do megáfono.

Se gravas unha frase e a envias o whatsapp do cole será XENIAL! Por exemplo: *Put the apple in the compost bin.*

